



www.oqueleo.com

© 2020, Francisco Martínez Barreiro

© 2020, Laura Fernández Arquisola, «Laufer»

© Desta edición:

2020, Santillana Infantil y Juvenil, S. L. e Edicións Obradoiro, S. L.

Entrecercas, 2 - 15705 Santiago de Compostela

Teléfono: 981 55 27 40

ISBN: 978-84-16834-29-7

Depósito legal: M-8865-2020

Printed in Spain - Impreso en España

Primeira edición: setembro de 2020

Dirección da colección:

Ana María Guerra e Maite Malagón

Editora executiva:

Yolanda Caja


Dirección de arte:

Xosé Crespo e Rosa Marín

Proxecto gráfico:

Marisol del Burgo, Rubén Chumillas, Julia Ortega,

Álvaro Recuenco e Laura Ruiz



As materias primas utilizadas
na fabricación deste libro son reciclables
e cumpren amplamente coa normativa
europea de desenvolvemento sustentable,
economía circular e xestión enerxética.

Calquera forma de reprodución, distribución,
comunicación pública ou transformación desta obra
só pode ser feita coa autorización dos seus titulares,
agás as excepcións que establece a lei. Contacte con CEDRO
(Centro Español de Dereitos Reprográficos, www.cedro.org)
se necesita fotocopiar ou escanear algún fragmento desta obra.

O pirata Ataripo

Paco Barreiro

Ilustracións de Laufer

oqueleo

Nunha cova dunha illa descoñecida ten o seu agocho Ataripo, un mono tití.

7

De corpo pequeno, con abondoso pelo da cor da cinza e raias escuras polo lombo, loce no nariz e na boca unha mancha negra moi característica.

Arredor das orellas sobresáenlle unhas guedellas brancas que afirma seren os pelos que antes lle nacían na cara. Di, sempre moi serio a pesar da incredulidade que provoca, que arraigaron onde agora están logo dun espirro provocado polo aroma dun pétalo de madreSelva.

E no rabo ten varios aneis escuros...

—Estes aneis son marcas de chocolate —asegura sempre que ten ocasión de fachendear—, quedáronme de cando gañei o campionato de ensartar rosquillas no rabo.

Ao acadar a idade que considerou apropiada, despediuse dos seus familiares e amizades...

8

—Onde vas, Ataripo?

—A navegar polo mundo, que na selva me confundo!



10 Ataripo devecía por coñecer o mar. Cando o viu por primeira vez, comprobou con admiración que era inmenso. A pesar da impresión, non se amedrentou; ao contrario, aumentou a súa gana de navegar.

 Esa mesma noite embarcou de polisión. Con tan mala sorte, ou boa, segundo se mire, que o barco foi encallar e afundir na costa dunha illa perdida...

 Cando se vía como único supervivente, xusto antes de o barco afundir, oíu a chamada de socorro dun ratiño que, con evidentes espaventos de desesperación, acenaba desde a punta da proa:

—Socorro! Acudídeme, que afogo!
Ataripo nadou ata preto del e preguntoulle a berros:

—Como te chamas?

—Son Chiopío, nasín neste barco, pero non quero morrer con el! E ti como te chamas?

11

—Son Ataripo, e non vou morrer porque sei nadar! Usa un dos meus aneis como flotador, Chiopío!

—Non, grazas Ataripo! É que, se me mollo, xa me constipo!

—Pois agárrate ao meu rabo!

E o rato, dun pincho áxil, así o fixo.

—Se polo menos collésemos unha vaga que fose devagar! Ti sabes o que é unha *vaga*, Chiopío?

—Teño unha *vaga* idea! —respondeu o ratiño, fortemente abrazado ao rabo de Ataripo.

Con moito coidado para que non se mollase Chiopío e loitando bravamente contra as ondas, Ataripo nadou ata facer pé nunha praia.

—Buf! Pensei que non o conseguíamos!

12 Botáronse os dous na area a recuperarse do esforzo e mais do susto.

—Chiopío! Voume facer piRata, que sempre leva no nome unha *rata*. Así, cando te vexas en perigo poderás abrazarte a ela.

Chiopío, co bico engurrado, dixo moi serio:

—Que non son unha rata!

Pero Ataripo continuaba a falar sen escoitar a protesta de Chiopío:

—Oe, ti es rato de campo ou de casa? Cala, non me contestes... xa sei, dixéchesmo antes, ti es rato de barco.

Chiopío comezaba a sentirse incómodo.

—Será posible que non cale! —rosmou para si.



—Espílete, Chiopío, di algo, que non vou falar unicamente eu. Nin que tivese o monopolio da fala. Mono son, iso é evidente, pero de *poli* nada, eh! Aínda que, ben pensando, no barco si que era un *monopolisón*!

14 E así, sen Ataripo parar de falar, foi pasando o día.

Ao chegar a noite, con catro garabitos e algo de palla, prendeu lume o tití coas chispas que sacou batendo dous croios entre si.

Ao principio notáronse ben as chamas, pero pronto a fogueira, mellor sería dicir a fogueiriña, foi amainando a súa forza.

Vendo a ocasión, o rato aproveitou para chancearse tamén:

—Ai! Ataripiño *ateresido*, de *teres ido* apañar leña non terías frío.

—E ti, que, non tes mans? —retrucou o tití.

—Teño, si. Pero como che gusta *monopolisar*...

Fíxose día.

15

Xa Chiopío fora en busca de almorzo e volvera, e Ataripo seguía a durmir. Vese que tamén pretendía *monopolizar* a preguiza.

—Esperta, Ataripo, que son horas!

—Horas de que? Esperto estou. Erguido non, porque estou a deseñar o meu barco. Estou a cavilar. Quero un barco pirata. Necesito un coco para construír a miña nave e partir en busca de aventuras.

E sen deixarse interromper, continuou:

—Uf, falando do coco... que larica teño! Que apetito! No meu caso, quizais debería dicir que «apetiti»!

Ataripo buscou un coqueiro e gabeou ao máis alto para escoller o coco máis grande.

Valéndose dunha corda, foino baixando paseniño ata pousalo amodo na area. Non o guindou desde arriba, como é costume, porque non quería estragar ningunha das quillas. Si. Ningunha das quillas.

Na súa cabeciña xa el tiña moi claras a forma e mais a fasquía da súa nave.

Partiu o coco en dúas metades exactamente iguais.

—Construirei un catamarán. Chiopío, ven catar a dozura deste coco, que ten moito zume!

Uniu as dúas partes do coco con táboas de restos do naufraxio, colocou de mastro unha verga e apañouse cun anaco de lona para compoñer unha vela.

—Xa está. Agora haino que bautizar. Xa sei, O COCODOCOCO, un nome dos que

vai e vén, como o propio barco, que vai facer travesías de ida e volta. Ademais, será un *coco* para meter medo e outro para ter tino e usar ben a cabeza.

Chiopío ollaba abraiado o barco e dubidaba se enrolarse. Era bonito o catamarán. Sería seguro?

17

Estáballe moi agradecido a Ataripo por salvalo. Non estaría ben deixalo só nesta aventura...

O tití, mentres, continuaba a falar.

—Só me falta un parche nun ollo, andar con pata de pau e ser de mal xorne, con moito xenio. «Malas pulgas», que se di.

Parou de falar durante un segundo, respirou fondo mentres abranguía coa vista toda a praia e aclarou:

—Refírome ás do carácter, Chiopío, que as pulgas de mar que viven nesta praia son grandes e ben boas. Terei que recrutar

algunhas..., co que choutan serían ideais para abordar barcos.

E volveu deterse a pensar un chisco. Apenas dous segundos despois, continuou:

18 —O malo é que nin teño gana de quedar sen un ollo nin de romper unha perna. Por non falar do garfo na man, que iso está totalmente descartado!

Calou e permaneceu coa man no queixo, co xenio bo, o das ideas, a traballar.

Daquela, Chiopío aproveitou o silencio para intervir:

—O da perna ten solución fácil. Átaslle un pau que che obrigue a levala tesa, e xa está. Iso, ou andar á pata coxa. Aínda que non me pareses ti dos de faser esforzos como para andar sempre enriba da mesma perna. Co trampulleiro que es, habíalas alternar e paresería que estiveses a xogar á mariola.



Vendo que Ataripo continuaba calado, proseguíu:

—O do ollo..., espera que tapo un meu..., véxocho a medias. Non é o mesmo o dereito ca o esquerdo. Ti, cal prefires?

20 —Necesito un parche *ambivalente*, é dicir, valente coma min e que valla para os dous ollos. Deixa, deixa, que xa dei coa solución. Ven, imos falar cos caranguexos.

A idea de Ataripo era usar a casca dun caranguexo: o cacho.

—Viríame ben un *cacho*, como parche, para un *cacho* de vista.

E así o fixeron. Despois pasaron a xornada fornecendo o barco co imprescindible para aguantar meses en mar aberto.

Á noite, ao ir durmir, Ataripo decatouse de que o rato non estaba tranquilo, de que tiña xesto de preocupación e dixo:

—Ánimo, Chiopío! Non recees, ho, que todo ha saír ben! A ver, meu ratiño, enténdeme, *recear* non significa tomar a cea dúas veces... Veña, descansa, que nos agardan grandes aventuras!

E, inmediatamente, envolveuse Ataripo no sono.